

ACORDOS DA COMISIÓN DE TÍTULO DO MÁSTER EN PSICOLOXÍA XERAL SANITARIA, 2013 – 2014

20 de xullo de 2013

Orde do día:

1. Informe da coordinadora do Máster
2. Aprobación, se procede, dos programas das materias do Máster, curso 2013-2014
3. Rolda aberta de intervención

Acordos:

- Apróbanse os programas das materias do Máster para o curso 2013-14.

5 de setembro de 2013

Orde do día:

1. Informe da coordinadora do Máster
2. Validación e priorización dos expedientes académicos dos candidatos aspirantes a matricularse no Máster, curso 2013-2014
3. Rolda aberta de intervencións

Acordos:

- Valídanse as táboas de materias dos plans de estudos de Psicoloxía pola USC consideradas para o recoñecemento de créditos sanitarios e priorízanse os expedientes académicos dos/as candidatos/as aspirantes a matricularse no máster, curso 2013-14.

20 de novembro de 2013

Orde do día:

1. Informe da coordinadora do Máster
2. Proposta de adscrición das materias do Máster ás áreas afíns
3. Aprobación, se procede, da adaptación do calendario académico e os horarios do Máster durante o curso 2013-2014
4. Rolda aberta de intervencións

Acordos:

- Apróbase a proposta de adscrición das materias do máster ás áreas afíns.
- Apróbase a adaptación do calendario académico para o curso 2013-14.
- Apróbanse os horarios lectivos para o curso 2013-14.

29 de novembro de 2013

Orde do día:

1. Informe da coordinadora do Máster
2. Revisión e resposta ás alegacións feitas á adscrición das materias do Máster ás áreas afíns aprobada na reunión do 20 de novembro de 2013
3. Rolda aberta de intervencións

Acordos:

- Acórdase a resposta ás alegacións relativas á proposta de adscrición das materias do Máster ás áreas afíns e a súa remisión á Secretaría Xeral.

11 de abril de 2014

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
2. Informe da coordinadora do Máster
3. Asignación de prazas do Prácticum I do Máster
4. Rolda aberta de intervencións

Acordos:

- Apróbase a acta da sesión de 20 de febreiro de 2014.
- Apróbanse os criterios de asignación de prazas de Prácticum I e a delegación na Coordinadora para proceder á asignación definitiva tras someter a oferta a un período de exposición para que os e as estudantes fagan a súa elección de preferencia.

2 de xuño de 2014

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
2. Informe da coordinadora do Máster
3. Asignación e características de Traballos Fin de Máster (TFM)
4. Sorteio de tribunais para a avaliación de Traballos Fin de Máster (TFM)
5. Asignación do Prácticum II (curso 2014-15)
6. Calendario académico do 3º semestre do curso 2013-14 e horarios para o curso 2014-15

7. Avaliación do profesorado do Máster
8. Rolda aberta de intervencións

Acordos:

- Apróbese a acta da sesión anterior.
- Apróbanse os criterios de asignación de titor/tema de Traballo de fin de Máster (TFM)
- Apróbanse as características do TFM de acordo coa ficha da memoria do título.
- Apróbanse os tribunais de TFM para o curso 2014-15
- Apróbanse os criterios de asignación do Prácticum II (prelación por expediente académico).
- Apróbese o calendario académico do 3º semestre da 1ª promoción do máster (1º semestre do 2º curso) e os horarios lectivos de 1º curso de 2014-15.
- Apróbese o cuestionario propio de valoración da docencia recibida por parte dos/as estudantes.

13 de xuño de 2014

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
2. Informe da coordinadora do Máster
3. Aprobación, se procede, de propostas de programación docente de materias, curso 2014-2015
4. Rolda aberta de intervencións

Acordos:

- Apróbese a acta da sesión de 2 de xuño de 2014, engadindo no punto 3 que a bibliografía, citas ou referencias nos TFM sigan as normas APA.
- Apróbanse os programas das materias, curso 2014-15, consignándose as modificacións en relación co curso precedente.